



## **Xeografía mítica**

### **CATEGORÍAS RELACIONADAS**

#### ***Fonte de Espiñaredo (Ribadeo)***

Situada, segundo E. Gutiérrez, de quen tomamos o relato, nun pequeno recanto por enriba da praia de Os Bloques, na estrada que baixa ao peirao, en Ribadeo (Lugo).

*«Conta a tradición que na Fonte de Espiñaredo, a víspera de San Xoán, aparece unha fermosa doncela que agarda naquel lugar o paso de algún camiñante. Se tal sucede, a dama desprendendo-se do peite de ouro que suxeita os seus cabelos pregunta ao pasaxeiro qué desexa, se o peite ou o seu amor; no primeiro caso a alfaia queima-lle as mans como se fora lume; no segundo debe seguir a tan misteriosa como belida dona até o interior da pena, mais, ¡ai!, ao día seguinte aparecerá morto».*

## **BIBLIOGRAFÍA**

GUTIÉRREZ, e. (1986): «A dama do peite de ouro», en La Voz de Galicia (A Mariña), 12 de marzo.